

RESOLUCIÓN

Nomeamento de don Plácido Álvarez Dobaño como vicepresidente 3º da Deputación Provincial de Ourense no mandato 2019 – 2023.

De conformidade co establecido no artigo 32.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os vicepresidentes son un órgano de existencia necesaria en tódalas deputacións provinciais de réxime común.

De acordo co artigo 35.4 da dita lei, corresponde á Presidencia designar libremente aos vicepresidentes entre os membros da Xunta de Goberno, debendo observarse as formalidades previstas no artigo 66.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Con data 28 de xuño de 2019, don Plácido Álvarez Dobaño foi designado membro da Xunta de Goberno, polo que reúne os requisitos legais para ser nomeado vicepresidente da Deputación.

Aínda que a Deputación Provincial de Ourense consta xa con dous vicepresidentes, estímase conveniente designar un terceiro vicepresidente, co fin de complementar a organización do goberno provincial, reforzando a garantía do desempeño permanente das funcións de presidencia no caso de ausencias do seu titular.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Nomear vicepresidente terceiro da Deputación Provincial de Ourense ao deputado provincial don Plácido Álvarez Dobaño.

O presente nomeamento, do que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e notificación persoal ao interesado, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte ao da data de sinatura electrónica desta resolución.



Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.